



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

INFORMACIÓN SOBRE ADHESIÓN Á TARIFA SIMPLIFICADA PARA FACER FRONTE ÁS ACTUACIÓNS SUXEITAS A DEREITOS DE AUTOR

O pasado día 25 de marzo de 2022 o Concello asinou un convenio coa Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) para adherirse ao pago dunha tarifa simplificada co fin de facer fronte ás actuacións suxeitas a dereitos de autor. **A finalidade desta adhesión é que as comisións de festas, asociacións ou entidades de outro tipo que organicen festas ou verbenas de carácter público no termo municipal queden exentas do pago desta taxa.**

O pago desta tarifa será asumido polo Concello de Ribeira de Piquín e incluiría as actuacións de carácter gratuito que se celebren en calquera das parroquias do noso concello, excluindo as representacións dramáticas e as actuacións que teñan pago en taquilla. Será necesario que as comisións de festa, asociacións ou entidade que corresponda, no momento de solicitar o permiso correspondente **nos indique o nome das orquestras, grupos ou outro tipo de actuación contratados e o/os día/s nos que se celebrarán.**

De non cumprir co exposto no parágrafo anterior estaría incumprindo os requisitos do convenio, polo que a SGAE poderá reclamarlle á propia comisión, asociación ou entidade o pago que corresponda.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, a 31 de marzo de 2022.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

